

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

PRIMEIRO EXERCICIO. PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA

1. Se se quixese modificar o título II da Constitución Española de 1978, unha vez aprobada a reforma polas Cortes Xerais, o artigo 167.3 da nosa norma suprema dispón que:

a) será sometida a referendo para a súa ratificación cando así o soliciten, dentro dos quince días seguintes á súa aprobación, polo menos unha décima parte dos membros de calquera das Cámaras.

b) será sometida a referendo para a súa ratificación, dentro dos quince días seguintes á súa aprobación, en todo caso.

c) será sometida a referendo para a súa ratificación cando así o soliciten, dentro dos quince días seguintes á súa aprobación, a maioría absoluta dos membros de calquera das Cámaras.

d) será sometida a referendo para a súa ratificación cando así o soliciten, dentro dos quince días seguintes á súa aprobación, a maioría simple dos membros de calquera das Cámaras.

2. O artigo 86.1 da Constitución española de 1978 reconece ao Goberno a facultade de ditar decretos lei en casos de extraordinaria e urxente necesidade, pero establece que non poderá afectar:

a) ao ordenamento das institucións básicas do Estado, aos dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no capítulo 1º do título I nin ao réxime das Comunidades Autónomas.

b) ao ordenamento das institucións básicas do Estado, aos dereitos, deberes e liberdades regulados no título I, ao réxime das Comunidades Autónomas nin ao dereito electoral xeral.

c) ao ordenamento dos dereitos, deberes e liberdades regulados no título I, ao réxime das Comunidades Autónomas nin ao dereito electoral xeral.

d) ao ordenamento dos dereitos, deberes e liberdades regulados no capítulo 2º do título II, ao réxime das Comunidades Autónomas nin ao dereito electoral xeral.

3. Aprobado un proxecto de lei orgánica ou ordinaria polo Congreso dos Deputados, o Senado pode, no prazo de dous meses, opor o seu veto ou introducir emendas a el. Segundo o artigo 90.2 da Constitución española de 1978, o veto deberá ser aprobado:

a) por maioría simple dos membros do Senado.

b) por maioría absoluta dos membros do Senado.

c) por maioría de 2/3 dos membros do Senado.

d) por maioría de 3/5 dos membros do Senado.

4. Baixo a rúbrica da sección 1ª do capítulo II do título I da Constitución española de 1978 titulada «Dos dereitos fundamentais e liberdades públicas» NON se encontra situado e, por tanto, NON dispón das mesmas garantías que estes dereitos:

a) o dereito de asociación.

b) o dereito á educación.

c) o dereito de propiedade.

d) o dereito de sindicación.

5. Para exercer a Rexencia, o artigo 59.4 da Constitución española de 1978 establece que é preciso:

a) ser maior de idade e ser designado polas Cortes Xerais.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

- b) ser maior de idade, ser español e ser designado por maioría absoluta das Cortes Xerais.
- c) ser español e ser designado polas Cortes Xerais.
- d) ser español e maior de idade.

6. O artigo 69.4 da Constitución española de 1978 dispón que as poboacións de Ceuta e Melilla elixirán cada unha delas:

- a) dous senadores.
- b) tres senadores.
- c) catro senadores.
- d) un senador.

7. Segundo o artigo 567 da Lei 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial:

- a) os vinte vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial serán designados polas Cortes Xerais. Cada unha das Cámaras elixirá, por maioría de tres quintos dos seus membros, dez vogais, catro entre xuristas de recoñecida competencia con máis de quince anos de exercicio na súa profesión e seis correspondentes á quenda xudicial.
- b) os trinta vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial serán designados polas Cortes Xerais. Cada unha das Cámaras elixirá, por maioría de tres quintos dos seus membros, quince vogais, cinco entre xuristas de recoñecida competencia con máis de quince anos de exercicio na súa profesión e dez correspondentes á quenda xudicial.
- c) os vinte vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial serán designados polas Cortes Xerais. Cada unha das Cámaras elixirá por maioría de dous terzos dos seus membros, dez vogais, catro entre xuristas de recoñecida competencia, con máis de quince anos de exercicio na súa profesión e seis correspondentes á quenda xudicial.
- d) os doce vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial serán designados polas Cortes Xerais. Cada unha das Cámaras elixirá por maioría de tres quintos dos seus membros, seis vogais, dous entre xuristas de recoñecida competencia, con máis de quince anos de exercicio na súa profesión e catro correspondentes á quenda xudicial.

8. Serán susceptibles de amparo constitucional, a teor do artigo 41 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional:

- a) os dereitos e liberdades recoñecidos nos artigos 14 a 29 e a obxección de conciencia prevista no artigo 30.2 da Constitución.
- b) os dereitos e liberdades recoñecidos nos artigos 10 a 29 e a obxección de conciencia prevista no artigo 30.2 da Constitución.
- c) os dereitos e liberdades recoñecidos nos artigos 12 a 29 e a obxección de conciencia prevista no artigo 30.2 da Constitución.
- d) os dereitos e liberdades recoñecidos nos artigos 10 a 29 e o dereito de propiedade previsto no artigo 33 da Constitución.

9. Segundo o art. 62 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, cando o Goberno considere que unha disposición ou resolución dunha Comunidade Autónoma non respecta a orde de competencias establecido na Constitución, nos Estatutos de Autonomía ou nas leis orgánicas correspondentes:

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

- a) terá que formalizar directamente ante o Tribunal Constitucional, no prazo de dous meses, o conflito de competencias.
- b) poderá formalizar directamente ante o Tribunal Constitucional, no prazo de tres meses, o conflito de competencias.
- c) poderá formalizar directamente ante o Tribunal Constitucional, no prazo de dous meses, o conflito de competencias.
- d) terá que formalizar directamente ante o Tribunal Constitucional, no prazo de tres meses, o conflito de competencias.

10. No ámbito da Unión Europea os parlamentos autonómicos participan no procedemento de control da subsidiariedade a través de:

- a) as Cortes Xerais.
- b) o Comité das Rexións.
- c) a Conferencia de Asembleas Legislativas das Rexións de Europa (CALRE).
- d) o Parlamento Europeo.

11. De acordo cos Tratados da Unión Europea:

- a) os actos legislativos da Unión Europea só poderán adoptarse por proposta do Parlamento, excepto cando os Tratados dispoñan outra cousa.
- b) os actos legislativos da Unión Europea só poderán adoptarse por proposta do Consello, excepto cando os Tratados dispoñan outra cousa.
- c) os actos legislativos da Unión Europea só poderán adoptarse por proposta do Consello ou do Parlamento, excepto cando os Tratados dispoñan outra cousa.
- d) os actos legislativos da Unión Europea só poderán adoptarse por proposta da Comisión, excepto cando os Tratados dispoñan outra cousa.

12. Os Tratados da Unión Europea dispoñen que o Parlamento Europeo (PE) deberá transmitir directamente aos parlamentos nacionais:

- a) o programa legislativo anual e os proxectos de actos legislativos que teñan a súa orixe no PE.
- b) o programa legislativo anual.
- c) os proxectos de actos legislativos que teñan a súa orixe no PE.
- d) os proxectos de actos legislativos que teñan a súa orixe no PE, os libros verdes e os libros brancos.

13. Segundo o artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, no marco do Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva da seguinte materia:

- a) montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias, pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.13 da Constitución.
- b) obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese do Estado, aínda que a súa execución ou explotación afecte outra comunidade autónoma ou provincia.
- c) os centros de contratación de mercadorías ou valores, en conformidade coas normas xerais de Dereito mercantil.
- d) a promoción e ordenación do turismo dentro e fóra da Comunidade.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

14. Segundo o artigo 56.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, dispoñen de iniciativa para a súa reforma:

- a) a Xunta, o Parlamento galego por proposta dunha cuarta parte dos seus membros e as Cortes Xerais.
- b) a Xunta, o Parlamento galego por proposta dunha cuarta parte dos seus membros, os cidadáns e as Cortes Xerais.
- c) a Xunta, o Parlamento galego por proposta dunha quinta parte dos seus membros e as Cortes Xerais.
- d) a Xunta, o Parlamento galego por proposta dunha quinta parte dos seus membros, os cidadáns e as Cortes Xerais.

15. Segundo o artigo 15 do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, o candidato a presidente da Xunta deberá solicitar para a súa investidura a confianza do Parlamento de Galicia. Se non obtiver o apoio da maioría absoluta dos membros da Cámara en primeira votación:

- a) transcorridas vinte e catro horas celebrárase unha nova, esixíndose neste caso o apoio de tres quintos dos membros da Cámara.
- b) transcorridas corenta e oito horas celebrárase unha nova, esixíndose neste caso o apoio da maioría dos membros da Cámara.
- c) transcorridas vinte e catro horas celebrárase unha nova, esixíndose neste caso o apoio da maioría simple dos membros da Cámara.
- d) transcorridas vinte e catro horas celebrárase unha nova, esixíndose neste caso o apoio de tres quintos dos membros da Cámara.

16. Segundo o artigo 45 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, o Parlamento pode esixir a responsabilidade política da Xunta e o seu presidente mediante a adopción por maioría absoluta da moción de censura. Esta moción non poderá ser votada:

- a) ata que transcorran cinco días desde a súa presentación. Nos dous primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.
- b) ata que transcorran cinco días desde a súa presentación. Nos tres primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.
- c) ata que transcorran seis días desde a súa presentación. Nos dous primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.
- d) ata que transcorran seis días desde a súa presentación. No tres primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.

17. NON corresponde á Xunta, de acordo co artigo 4 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia:

- a) ditar decretos legislativos nos supostos de delegación expresa do Parlamento.
- b) informar a interposición de recursos e cuestións de inconstitucionalidade, así como constituírse como parte nos recursos e cuestións de inconstitucionalidade que afecten a Galicia e a interposición de conflitos de competencias ante o Tribunal Constitucional.
- c) resolver mediante decreto os conflitos de atribucións que se susciten entre as diversas Consellerías.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

d) aprobar os proxectos de lei para a súa remisión ao Parlamento e acordar, se for o caso, a súa retirada.

18. Segundo o artigo 5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia:

a) a Xunta reúnese en Consello, que someterá o seu funcionamento aos principios de unidade, colexialidade, eficacia e participación.

b) a Xunta reúnese en Consello, que someterá o seu funcionamento aos principios de unidade, colexialidade, participación e coordinación.

c) a Xunta reúnese en Consello, que someterá o seu funcionamento aos principios de unidade, eficacia, participación e coordinación.

d) a Xunta reúnese en Consello, que someterá o seu funcionamento aos principios de unidade, colexialidade, xerarquía e coordinación.

19. De acordo co artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, o Valedor do Pobo:

a) non entrará no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e suspenderao se, iniciada a actuación, for interposta por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou ante o Tribunal Constitucional.

b) poderá entrar no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e non suspenderá a súa actuación aínda que for interposta por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou ante o Tribunal Constitucional.

c) non entrará no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e suspenderao se, iniciada a actuación, for interposta por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios pero non ante o Tribunal Constitucional.

d) poderá entrar no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial sempre que o Consello Xeral do Poder xudicial así o autorice, proseguindo a súa actuación, sen necesidade de autorización, se for interposta por persoa interesada demanda ou recurso ante os Tribunais ordinarios ou ante o Tribunal Constitucional.

20. Segundo o artigo 3.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, gozan dos dereitos políticos como galegos:

a) os cidadáns españois residentes no estranxeiro que vivisen polo menos vinte anos en Galicia e así o acrediten no correspondente Consulado de España.

b) os cidadáns españois residentes no estranxeiro que vivisen polo menos seis anos ininterrompidamente en Galicia e así o acrediten ante Consulado de España.

c) os cidadáns españois residentes no estranxeiro que tivesen a súa última veciñanza administrativa en Galicia e así o acrediten ante o Consulado de España.

d) os cidadáns españois residentes no estranxeiro que acrediten ante o Consulado de España o seu nacemento en Galicia.

21. É competencia da Comunidade autónoma galega, segundo o artigo 28 do Estatuto de autonomía de Galicia de 1981, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que esta estableza, das seguintes materias:

a) asistencia social.

b) a promoción do desenvolvemento comunitario.

c) a promoción do deporte e a axeitada utilización do lecer.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

d) réxime mineiro e enerxético.

22. A función de interpretar e suplir o Regulamento do Parlamento de Galicia nos supostos de dúbida ou omisión, segundo o seu artigo 30.1.1ª, correspóndelle:

a) á Comisión do Regulamento.

b) ao Pleno.

c) á Mesa.

d) á letrada ou ao letrado oficial maior.

23. A solemne sesión de apertura de lexislatura do Parlamento de Galicia:

a) terá lugar na data que, dentro do prazo dun mes, a partir do día de celebración de eleccións, determine o decreto de convocatoria.

b) terá lugar dentro do prazo de quince días seguintes á celebración da sesión constitutiva.

c) terá lugar dentro do prazo do mes seguinte á celebración da sesión constitutiva.

d) será presidida inicialmente polo deputado ou deputada electa de maior idade dos presentes, asistido, en calidade de secretarios/as polos dous deputados ou deputadas máis novos.

24. As deputadas e os deputados do Parlamento de Galicia gozarán de inviolabilidade:

a) polos votos emitidos e polas opinións manifestadas, tanto no exercicio das súas funcións coma á marxe delas, mentres dure o seu mandato.

b) só polos votos emitidos, e non poden ser detidos nin retidos nin no suposto de flagrante delito.

c) aínda despois de cesaren no seu mandato, polos votos emitidos e polas opinións manifestadas no exercicio das súas funcións.

d) unicamente durante o seu mandato, polos votos emitidos e polas opinións manifestadas no exercicio das súas funcións.

25. A renuncia expresa dunha deputada ou dun deputado da Cámara galega á súa condición de deputada ou deputado efectuarase:

a) perante a Comisión do Estatuto dos Deputados ou, en caso de imposibilidade física, perante notario, que lle remitirá o correspondente testemuño.

b) perante a Comisión do Regulamento ou, en caso de imposibilidade física, perante notario, que lle remitirá o correspondente testemuño á precitada Comisión.

c) perante a Mesa ou, en caso de imposibilidade física, perante notario, que lle remitirá o correspondente testemuño á Mesa.

d) perante o Pleno ou, en caso de imposibilidade física, perante notario, que lle remitirá o correspondente testemuño á Xunta de Portavoces.

26. En relación co Rexistro de Intereses da Cámara galega, sinala a opción correcta:

a) contén as declaracións de actividades, as declaracións de bens e dereitos, e as resolucións do Pleno en materia de incompatibilidade e cantos outros datos sobre actividades lle sexan remitidos pola Comisión do Estatuto dos Deputados e non consten previamente nel.

b) só será público o contido das declaracións de actividades.

c) as declaracións de bens e dereitos son secretas e estarán só á disposición da Comisión do Estatuto dos Deputados.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

d) só contén as declaracións de bens e dereitos posteriores á perda da condición de deputada ou deputado.

27. Sinale a opción correcta en relación coa Mesa do Parlamento de Galicia:

a) é o órgano reitor da Cámara e desempeña a representación colexiada desta nos actos a que asista.

b) poderá acordar que un proxecto de lei ou unha proposición de lei se tramiten polo procedemento de lectura única.

c) vela polo mantemento da orde dentro de todas as dependencias do Parlamento.

d) acorda a interposición de recursos de amparo e de inconstitucionalidade.

28. Segundo o artigo 115.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a ponencia encargada de redactar o informe sobre un proxecto ou proposición de lei:

a) establecerá un trámite de audiencia de altos cargos da Xunta de Galicia, de persoas expertas e de representantes de colectivos sociais que poidan resultar especialmente afectados pola materia sobre a cal verse o texto legislativo.

b) poderá establecer un trámite de audiencia de altos cargos da Xunta de Galicia, de persoas expertas e de representantes de colectivos sociais que poidan resultar especialmente afectados pola materia sobre a cal verse o texto legislativo.

c) establecerá un trámite de audiencia dos responsables das seccións orzamentarias afectadas e, sempre que fosen solicitadas, dos responsables dos entes instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma.

d) establecerá un trámite de audiencia dos membros da Xunta competentes por razón da materia, funcionarios ou funcionarias, autoridades ou particulares.

29. Segundo o Regulamento do Parlamento de Galicia, a solicitude de sesións extraordinarias na Cámara galega corresponde:

a) á Xunta de Galicia, á Deputación Permanente ou á Mesa, logo de audiencia da Xunta de Portavoces.

b) á Xunta de Galicia, á Deputación Permanente ou á maioría absoluta dos membros do Parlamento de Galicia.

c) á Xunta de Galicia, á Deputación Permanente, a dous grupos parlamentarios ou a unha quinta parte dos membros do Parlamento.

d) á Xunta de Galicia, á Deputación Permanente ou á Comisión de Peticións.

30. Segundo o artigo 52 do Regulamento do Parlamento de Galicia, poderase crear de xeito automático unha única comisión de investigación por lexislatura, de o solicitar:

a) a Mesa da Cámara logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces.

b) a Mesa da Cámara de acordo coa Xunta de Portavoces.

c) dous grupos parlamentarios ou unha quinta parte dos membros da Cámara.

d) un terzo dos deputados e das deputadas da Cámara que pertencen a un mesmo grupo parlamentario, ou as dúas quintas partes dos deputados e das deputadas da Cámara.

31. Segundo o Regulamento do Parlamento de Galicia, o voto das deputadas e deputados do Parlamento de Galicia é persoal e indelegable, agás nos supostos de:

a) embarazo, maternidade ou paternidade, enfermidade grave ou incapacidade prolongada.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

- b) embarazo, maternidade ou paternidade, hospitalización ou enfermidade grave.
- c) embarazo, maternidade ou paternidade ou hospitalización.
- d) embarazo, maternidade ou paternidade.

32. Segundo o artigo 134 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o Pleno da Cámara poderá acordar que se tramite directamente e en lectura única ante o Pleno ou ante unha Comisión:

- a) un proxecto de lei ou unha proposición de lei cando a súa natureza o aconsellar, ou a súa simplicidade de formulación o permitir.
- b) unha proposición de lei cando a súa simplicidade de formulación o permitir.
- c) un proxecto de lei unicamente cando a súa simplicidade de formulación o permitir.
- d) un proxecto de lei cando a súa natureza o aconsellar ou a súa simplicidade de formulación o permitir.

33. De acordo co Regulamento do Parlamento de Galicia, un dos requisitos das propostas de resolución dos grupos parlamentarios subseguintes ao debate anual sobre política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é que:

- a) poderán presentarse ata seis horas antes do inicio da sesión plenaria.
- b) poderán presentarse ata seis horas antes do inicio da sesión da comisión competente para a súa tramitación.
- c) deben estar referidas ás grandes liñas de política xeral e ser de enumeración simple.
- d) ningún é correcto.

34. Segundo o artigo 164.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a interposición dun recurso de inconstitucionalidade polo Parlamento de Galicia contra leis ou disposicións normativas con forza de lei require o acordo do Pleno en convocatoria específica:

- a) por maioría de dous terzos.
- b) por maioría de tres quintos.
- c) por maioría absoluta.
- d) por maioría simple.

35. Segundo o Regulamento de Organización e Funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, en materia organizativa e xestión administrativa, a interpretación e integración das normas de aplicación en materia de persoal é competencia:

- a) da presidenta ou presidente da Cámara.
- b) da Mesa do Parlamento.
- c) da letrada ou do letrado oficial maior.
- d) da xefa ou do xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior.

36. Segundo o artigo 20 do Regulamento de Organización e Funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, os actos administrativos da letrada ou letrado oficial maior son susceptibles de recurso de alzada:

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

- a) ante a presidencia da Cámara.
- b) ante a Mesa do Parlamento.
- c) ante a Comisión de Peticións.
- d) ante a Comisión do Regulamento.

37. Segundo o artigo 48.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.
- b) son nulos os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.
- c) son nulos ou anulables, dependendo do caso, os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.
- d) ningunha das afirmacións anteriores se contén no artigo 48.1 da Lei 38/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

38. Segundo o artigo 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para que produzan efectos, os regulamentos autonómicos deberán publicarse integramente no *Diario Oficial de Galicia*:

- a) e entrarán en vigor aos 10 días naturais da súa publicación, salvo que neles se dispoña outra cousa.
- b) e entrarán en vigor aos 15 días da súa publicación, salvo que neles se dispoña outra cousa.
- c) e entrarán en vigor aos 20 días naturais da súa publicación, salvo que neles se dispoña outra cousa.
- d) e no *Boletín Oficial del Estado*, e entrarán en vigor aos 30 días naturais da súa publicación, salvo que neles se dispoña outra cousa.

39. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que a tramitación simplificada do procedemento administrativo:

- a) só poderá acordarse de oficio.
- b) só poderá acordarse por petición do interesado.
- c) poderá acordarse de oficio ou por petición do interesado.
- d) comportará a redución das taxas á metade do importe.

40. O prazo máximo no que debe notificarse resolución expresa cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen prazo será, de acordo co artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) dous meses.
- b) tres meses.
- c) seis meses.
- d) un mes.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

41. De acordo co artigo 83 de Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a comparecencia no trámite de información pública:

- a) realízase sempre a través de apoderado.
- b) debe realizarse sempre en persoa.
- c) non outorga, por si mesma, a condición de interesado.
- d) é obrigatoria para os interesados.

42. Contra a resolución dun recurso de alzada, segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) non cabe ningún recurso.
- b) non cabe ningún recurso administrativo.
- c) cabe o recurso extraordinario de revisión nalgúns casos.
- d) cabe o recurso extraordinario de revisión en calquera caso.

43. Sobre as encomendas de xestión, sinale a verdadeira, de acordo co disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

- a) só poderán facerse a órganos ou entidades da mesma Administración.
- b) permítense para os contratos só no caso de contratos menores.
- c) o tratamento dos datos persoais vinculados á actividade encomendada corresponderá á entidade ou órgano encomendado.
- d) supoñen cesión temporal da titularidade da competencia.

44. A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que, para a válida constitución dos órganos colexiados, se requirirá a asistencia:

- a) do presidente e do secretario, ou dos que os suplan, e a da metade, polo menos, dos seus membros.
- b) da totalidade dos seus membros.
- c) do presidente ou secretario, ou dos que os suplan, e a da metade, polo menos, dos seus membros.
- d) da maioría dos seus membros.

45. O prazo de prescrición das infraccións, segundo a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, comezará a contarse:

- a) no caso de infraccións continuadas ou permanentes, desde o día en que se coñeceu a actividade infractora.
- b) desde o día en que a infracción se cometese.
- c) en calquera caso, desde o día en que se inicia o procedemento sancionador.
- d) desde o día seguinte ao da comisión da infracción.

46. Sobre os convenios, sinale a afirmación correcta, de acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

- a) só poden ser interadministrativos.
- b) non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos.
- c) os protocolos xerais de actuación teñen carácter de convenio sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos.
- d) non poden asinarse entre unha Administración pública e un suxeito de Dereito privado.

47. A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, dispón que as entidades públicas empresariais:

- a) réxense sempre polo Dereito privado.
- b) son entidades de Dereito mixto.
- c) son entidades de Dereito público.
- d) fináncianse maioritariamente con ingresos públicos.

48. De acordo co establecido pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as fundacións:

- a) non poderán exercer potestades públicas.
- b) poderán exercer potestades públicas só por avocación.
- c) poderán exercer as potestades públicas que sinala a lei de creación.
- d) poderán exercer potestades públicas só por delegación.

49. Nas conferencias sectoriais, de acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, deberán estar representadas:

- a) a Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas, as Cidades de Ceuta e Melilla e as Administracións locais.
- b) só a Conferencia de Presidentes e as Administracións locais.
- c) unicamente a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas.
- d) a Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e as Cidades de Ceuta e Melilla.

50. ¿Que novidade significativa, segundo o preámbulo da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, se introduce para fomentar a transparencia dos contratos?

- a) a introdución do procedemento simplificado con tramitación abreviada.
- b) a supresión da figura do contrato de colaboración público-privada.
- c) a supresión do suposto de aplicación do procedemento negociado sen publicidade por razón de contía.
- d) a incorporación da regulación das consultas preliminares do mercado.

51. Para os efectos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ¿cal das seguintes entidades NON forman parte do sector público?

- a) os fondos sen personalidade xurídica.
- b) as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.
- c) os consorcios regulados pola lexislación aduaneira.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

d) calquera entidade con personalidade xurídica propia que sexa creada especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral e que teña carácter industrial ou mercantil.

52. Quedan excluídos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, entre outros:

- a) os contratos relativos a servizos de arbitraje e conciliación.
- b) os contratos que celebren os órganos dependentes das entidades que integran a Administración local.
- c) os contratos subvencionados polas entidades que integran a Administración local.
- d) os contratos que celebren as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social.

53. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o contrato de servizos de mantemento que se concerte conxuntamente co da compra do ben a manter, cando o devandito mantemento só poida ser prestado por razóns de exclusividade pola empresa que subministrou o dito ben, poderá ter como prazo de duración:

- a) un máximo de 3 anos, con dous anos máis de prórroga.
- b) o prazo de garantía do ben subministrado.
- c) un máximo de 5 anos, incluíndo as posibles prórrogas que acorde o órgano de contratación.
- d) o da vida útil do produto adquirido.

54. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, nos casos en que por sentenza penal firme se preveña a prohibición de contratar e non se establecese a súa duración, esta:

- a) non poderá exceder de 3 anos desde a data en que se converteu en firme a sentenza.
- b) non poderá exceder de 5 anos desde a data de condena por sentenza firme.
- c) non poderá exceder de 5 anos desde a data en que fose asinada a resolución do contrato.
- d) non poderá exceder de 3 anos desde a data en que se notificou a sentenza firme.

55. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ¿cal das seguintes actuacións NON poderá ser obxecto de recurso especial en materia de contratación?

- a) os acordos de rescate de concesións.
- b) os procedementos de adxudicación que se sigan polo trámite de emerxencia.
- c) os actos da mesa ou do órgano de contratación polos que se acorde a exclusión de ofertas por resultaren anormalmente baixas.
- d) os anuncios de licitación.

56. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a publicación no perfil do contratante da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos:

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

- a) mensualmente.
- b) anualmente.
- c) trimestralmente.
- d) quedan exceptuados da publicación.

57. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, unha vez formalizado un contrato cunha unión temporal de empresas, cando algunha ou algunhas das empresas integrantes da unión temporal fosen declaradas en concurso de acredores e mesmo cando se abra a fase de liquidación:

- a) continuará a execución do contrato coa empresa ou empresas restantes sempre que estas cumpran os requisitos de solvencia ou clasificación esixidos.
- b) o contrato será nulo de pleno dereito.
- c) será causa de anulabilidade de dereito administrativo.
- d) necesitarase a autorización expresa do órgano de contratación para a continuidade da execución do contrato.

58. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse:

- a) sempre previamente á autorización do gasto.
- b) con posterioridade á autorización do gasto.
- c) previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela.
- d) unha vez aprobados os pregos de prescricións técnicas particulares.

59. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ¿cal das seguintes manifestacións por parte do licitador debe figurar na declaración responsable que debe acompañar as proposicións no procedemento aberto?

- a) a designación dun enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións.
- b) o documento acreditativo da inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.
- c) a declaración da intención de subcontratar.
- d) o compromiso de adscrición de medios.

60. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a aplicación de máis dun criterio de adxudicación procederá, en todo caso, na adxudicación de:

- a) os contratos de subministración nos que os produtos a adquirir estean perfectamente definidos e non sexa posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato.
- b) soamente nos contratos de obras.
- c) nos contratos de servizos de seguridade privada, entre outros.
- d) nos contratos de servizos que non teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, como os servizos de enxeñaría e arquitectura.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

61. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, na tramitación dun procedemento simplificado, ¿cal das seguintes afirmacións é correcta?

- a) as ofertas presentaranse en dous sobres.
- b) non se esixirá a declaración responsable.
- c) non procederá a constitución de garantía provisional.
- d) o anuncio de licitación só se publicará no *Boletín Oficial de Estado*.

62. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, son causas de resolución do contrato:

- a) calquera alteración na contía do contrato.
- b) o atraso inxustificado sobre o plan de traballos establecido no prego ou no contrato, en calquera actividade, por un prazo superior a un terzo do prazo de duración inicial do contrato, incluídas as posibles prórrogas.
- c) circunstancias sobrevidas aínda que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato.
- d) modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares.

63. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos de seguro son contratos:

- a) administrativos de servizos de seguros.
- b) administrativos de servizos financeiros.
- c) privados, por estaren entre as referencias CPV do artigo 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- c) privados, por estaren entre os supostos do artigo 26 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

64. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, unha práctica colusoria ten efectos suspensivos cando:

- a) existen indicios fundados no procedemento de contratación de concertacións entre as empresas implicadas.
- b) pode apoiarse no mero paralelismo na actuación das empresas implicadas aínda cando a dita actuación obedeza a mutacións no mercado.
- c) consta un acordo expreso das empresas implicadas.
- d) existe unha denuncia doutra empresa do sector.

65. O Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia indica no artigo 28 que o órgano competente para a concesión de subvencións será:

- a) a Presidencia do Parlamento en calquera caso.
- b) a Mesa do Parlamento en calquera caso.
- c) a Presidencia e a Mesa do Parlamento, segundo o importe sexa inferior ou non ao establecido legalmente para un contrato menor.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

d) a Oficialía Maior e a Presidencia do Parlamento, segundo o importe sexa inferior ou non ao establecido legalmente para un contrato menor.

66. De acordo co Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, deberán contar cun informe de impacto de xénero:

- a) os proxectos e anteprojectos de lei.
- b) os proxectos de lei.
- c) os proxectos de lei e os proxectos de decreto.
- d) os proxectos de lei, excepto o de orzamentos.

67. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, a estrutura retributiva do persoal eventual está constituída por:

- a) os mesmos conceptos retributivos que os dun funcionario.
- b) os mesmos conceptos retributivos que os dun funcionario interino.
- c) os mesmos conceptos retributivos que os dun laboral.
- d) as tres respostas anteriores son incorrectas.

68. De conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e a normativa vixente en materia de seguridade social, a imposición dunha suspensión provisional disciplinaria supón para un funcionario:

- a) manterse en situación de alta na Seguridade Social sen ningunha remuneración.
- b) manterse en situación de alta na Seguridade Social e que se lle remuneren as retribucións básicas.
- c) non manterse en situación de alta na Seguridade Social ata que se resolva sobre a situación con carácter firme.
- d) non manterse en situación de alta na Seguridade Social nin que se lle compute ese período para efectos de trienios.

69. De acordo coa normativa vixente, un funcionario do Parlamento de Galicia pasa á situación de xubilación ordinaria:

- a) aos 70 anos, podendo prorrogar se a Mesa do Parlamento de Galicia o acepta.
- b) aos 60 anos, podendo prorrogar se a Mesa do Parlamento de Galicia o acepta.
- c) á idade e co tempo de cotización que esixe o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia.
- d) á idade e co tempo de cotización que esixe a normativa da Seguridade Social.

70. Segundo a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, un funcionario de carreira destinado no Valedor de Pobo, ¿en que situación administrativa queda?:

- a) servizo noutras administracións públicas.
- b) excedencia voluntaria.
- c) servizos especiais.
- d) servizo activo.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

71. Segundo a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para atender o coidado dun fillo menor de idade por natureza, adopción ou acollemento, ou que padeza cancro ou calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración ou hospitalización a domicilio das mesmas características, e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente, ao empregado público concederáselle unha redución:

- a) por horas completas de até a metade da duración da xornada de traballo diaria.
- b) por horas completas de polo menos a metade da duración da xornada de traballo diaria.
- c) por horas completas de polo menos un terzo da duración da xornada de traballo diaria.
- d) por horas completas de até o 90 % da duración da xornada de traballo diaria.

72. Segundo a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ¿a quen lle compete decidir as propostas de resolución dos expedientes disciplinarios que supoñan separación do servizo ou despedimento disciplinario, logo dos informes e ditames preceptivos?

- a) á consellaría na que presta os seus servizos a persoa obxecto do expediente disciplinario.
- b) á consellaría competente en materia de función pública.
- c) á consellaría competente en materia de administracións públicas.
- d) ao Consello da Xunta de Galicia.

73. Segundo a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o cesamento do persoal funcionario interino producirase, alén de polas causas que determinan a perda da condición de persoal funcionario de carreira, cando concorra a circunstancia seguinte:

- a) pola adscrición provisional ao posto de persoal funcionario de carreira.
- b) que transcorran 6 meses desde o seu nomeamento.
- c) que cause baixa por un período superior a un mes.
- d) ao terminar o exercicio orzamentario.

74. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, ¿sobre cal das seguintes materias corresponde á Xunta de Persoal emitir informe, por solicitude da Administración parlamentaria?

- a) as solicitudes do persoal de prolongación da vida laboral despois dos 65 anos.
- b) a modificación da xornada laboral e do horario de traballo.
- c) o traslado total ou parcial das instalacións.
- d) as propostas de sanción ao persoal da Administración parlamentaria.

75. Segundo o anexo IV do Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade nos lugares de traballo, os niveis de iluminación en áreas ou locais de uso habitual serán de:

- a) 50 lux.
- b) 100 lux.
- c) 200 lux.
- d) 500 lux.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

76. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, o persoal funcionario en servizo activo NON poderá exercer en ningún caso a actividade seguinte:

- a) a participación en programas e coloquios en calquera medio de comunicación social.
- b) as derivadas da administración do patrimonio persoal ou familiar.
- c) a elaboración de informes ou ditames para as administracións públicas.
- d) as publicacións derivadas da creación literaria, artística, científica e técnica.

77. Segundo o artigo 82 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, a cesión gratuíta de bens e dereitos do Parlamento de Galicia:

- a) será para fins de utilidade pública ou de interese social a outras administracións públicas, fundacións públicas e entidades sen ánimo de lucro.
- b) precisará a previa desafectación dos bens a ceder.
- c) unicamente será posible a cesión de uso, non de propiedade, de calquera ben.
- d) a Lei 5/2011 non é de aplicación no Parlamento de Galicia.

78. Segundo as Normas reguladoras do teletraballo na Administración do Parlamento de Galicia, ¿quen resolverá a selección dos solicitantes para a súa participación no programa de teletraballo anual?

- a) a presidencia do Parlamento.
- b) a oficialía maior.
- c) a comisión de selección.
- d) a xefatura do Servizo de Persoal e Réxime Interior.

79. O Parlamento de Galicia deberá publicar no seu portal de transparencia, de acordo co establecido no Regulamento do Parlamento, as asistencias dos deputados/os ás diferentes sesións:

- a) ao final de cada ano.
- b) ao final de cada lexislatura.
- c) ao final de cada período de sesións.
- d) ao final de cada mes.

80. As solicitudes de información presentadas no exercicio do dereito de acceso á información pública previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberán permitir a constancia de:

- a) a identidade e idade do solicitante.
- b) a identidade do solicitante e o motivo da solicitude.
- c) a identidade e o domicilio do solicitante.
- d) a identidade do solicitante.

81. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, establece que a Xunta de Galicia deberá publicar no seu portal de transparencia un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento:

- a) ao final de cada período de sesións.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

- b) ao final de cada legislatura.
- c) ao final de cada ano.
- d) non existe esa obriga.

82. De acordo coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, a presidencia da Comisión de Transparencia de Galicia corresponde a:

- a) o presidente ou a presidenta da Xunta de Galicia.
- b) o conselleiro ou a conselleira de Presidencia da Xunta de Galicia.
- c) o valedor ou a valedora do pobo.
- d) o presidente ou a presidenta do Parlamento de Galicia.

83. De acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos, considérase infracción moi grave:

- a) a utilización dos datos para unha finalidade que non sexa compatible coa finalidade para a cal foron recollidos, sen contar co consentimento do afectado ou cunha base legal para iso.
- b) o incumprimento de suprimir os datos dunha persoa falecida cando iso for esixible.
- c) dispor dun rexistro de actividades de tratamento que non incorpore toda a información esixida.
- d) o incumprimento da obriga de notificación relativa á rectificación de datos persoais.

84. Sinale a opción NON correcta: a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que, para ser considerados válidos, os documentos electrónicos administrativos deberán:

- a) incorporar os metadatos mínimos esixidos.
- b) incorporar unha referencia temporal do momento en que foron emitidos.
- c) incorporar os protocolos de xestión de incidencias.
- d) dispor dos datos de identificación que permitan a súa individualización.

85. A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que os documentos utilizados nas actuacións administrativas se almacenarán por medios electrónicos:

- a) en todo caso, salvo cando non sexa posible.
- b) en todo caso, salvo que procedan de particulares.
- c) en todo caso, salvo que sexan presentados en formato incompatible.
- d) en todo caso, salvo que procedan de entidades mercantís.

86. As Normas de creación da sede electrónica e de regulación da xestión electrónica no Parlamento de Galicia establecen que a Administración parlamentaria de Galicia empregará obrigatoriamente, en todos os documentos que teñan como destinatarios os cidadáns, o formato:

- a) PDF/A.
- b) TIFF.
- c) Open ACCES.
- d) non está establecido un formato obrigatorio para ese caso.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

87. Segundo o Código Civil, a xurisprudencia:

- a) é unha das fontes de dereito, tal como establece o seu artigo 1.1.
- b) complementaríase o ordenamento xurídico coa doutrina que, de modo reiterado, estableza o Tribunal Supremo ao interpretar e aplicar a lei, o costume e os principios xerais do dereito.
- c) complementaríase o ordenamento xurídico coa doutrina que estableza o Tribunal Constitucional ao interpretar e aplicar a lei, o costume e os principios xerais do dereito.
- d) complementaríase o ordenamento xurídico coa doutrina que establezan os Tribunais Superiores de Xustiza ao interpretaren e aplicaren a lei, o costume e os principios xerais do dereito.

88. Segundo o artigo 1 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, o costume no dereito civil de Galicia:

- a) non é fonte de dereito.
- b) prevalece sobre a lei.
- c) prevalece sobre o Estatuto de Autonomía de Galicia.
- d) rexerá en defecto de lei galega aplicable.

89. Procederá a aplicación analóxica das normas, segundo o Código Civil, cando estas non prevexan un suposto específico, pero regulen outro semellante entre os que se aprecie:

- a) nexo causal.
- b) igualdade de obxecto.
- c) identidade de razón.
- d) contido idéntico.

90. O artigo 15 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, de asociacións, NON dispón que:

- a) as asociacións inscritas responden das súas obrigacións con todos os seus bens presentes e futuros.
- b) as asociacións inscritas non responden das súas obrigas con todos os seus bens presentes e futuros.
- c) os asociados non responden persoalmente das débedas da asociación.
- d) a responsabilidade penal rexerá polo establecido nas leis penais.

91. Segundo o artigo 20 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, de asociacións, a condición de asociado é:

- a) transmisible, salvo que os estatutos dispoñan outra cousa, por causa de morte ou a título gratuito.
- b) intransmisible, salvo que os estatutos dispoñan outra cousa, por causa de morte ou a título gratuito.
- c) transmisible, salvo que os estatutos dispoñan outra cousa, por causa de morte ou a título oneroso.
- d) intransmisible por causa de morte ou a título oneroso.

92. De acordo co que establece o artigo 1963 do Código civil, as accións reais sobre bens inmobles prescriben:

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

- a) aos 10 anos.
- b) aos 20 anos.
- c) aos 15 anos.
- d) aos 30 anos.

93. ¿Cal das seguintes afirmacións, segundo o previsto no Código civil, NON é correcta?

- a) a condonación da débeda principal extinguirá as obrigacións accesorias; pero a destas deixará subsistente a primeira.
- b) a condonación da débeda poderá facerse expresa ou tacitamente.
- c) a condonación da débeda principal non extinguirá as obrigacións accesorias.
- d) a condonación expresa e a tácita estarán sometidas aos preceptos que rexen as doazóns inoficiosas.

94. O artigo 1207 do Código civil dispón que, cando a obriga principal se extinga por efecto da novación,:

- a) só poderán subsistir as obrigas accesorias, en canto aproveiten a terceiros que non prestasen o seu consentimento.
- b) non poderán subsistir as obrigas accesorias, en canto aproveiten a terceiros que non prestasen o seu consentimento.
- c) non poderá subsistir ningunha obriga, en canto aproveite a terceiros que non prestasen o seu consentimento.
- d) só poderán subsistir as obrigas accesorias, se prexudican a terceiros que non prestasen o seu consentimento.

95. ¿Cal das seguintes afirmacións, con respecto á rescisión dos contratos, NON se atopa recollida no Código civil?

- a) poden rescindir os contratos celebrados en fraude de acredores, cando estes non poidan doutro xeito cobrar o que se lles deba.
- b) a acción de rescisión é subsidiaria; non poderá exercitarse senón cando o prexudicado careza de todo outro recurso legal para obter a reparación do prexuízo.
- c) a rescisión obriga á devolución das cousas que foron obxecto do contrato cos seus froitos, e do prezo cos seus xuros; en consecuencia, só poderá levarse a efecto cando o que a pretenda poida devolver aquilo a que pola súa banda estiver obrigado.
- d) a rescisión terá lugar cando as cousas obxecto do contrato estiveren legalmente en poder de terceiras persoas, aínda que non procedesen de mala fe.

96. Segundo o artigo 38 do Código civil:

- a) as persoas xurídicas poden adquirir e posuír bens de todas as clases, así como contraer obrigas e exercitar accións civís ou criminais, conforme as leis e regras da súa constitución.
- b) as persoas xurídicas non poden adquirir e posuír bens nin contraer obrigas e exercitar accións civís ou criminais, conforme as leis e regras da súa constitución.
- c) as persoas xurídicas poden adquirir e posuír bens de todas as clases, pero non contraer obrigacións nin exercitar accións civís ou criminais.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

d) nin as fundacións nin as asociacións poden adquirir e posuír bens de todas as clases, así como contraer obrigas e exercitar accións civís ou criminais, conforme as leis e regras da súa constitución.

97. O principio da autonomía da vontade nos contratos civís:

- a) permite aos contratantes autorregular o contido do contrato coas limitacións establecidas legalmente.
- b) implica a capacidade dos contratantes para autorregular as súas relacións patrimoniais sen ningún tipo de limitación.
- c) supón a capacidade dos contratantes para excluír tanto as normas de carácter dispositivo como as de carácter imperativo.
- d) permite aos contratantes autorregular o contido do contrato sen limitacións de ningún tipo.

98. A acción para pedir a rescisión dos contratos, segundo o artigo 1299 do Código civil, dura:

- a) 4 anos.
- b) 5 anos.
- c) 3 anos.
- d) 15 anos.

99. A doazón de cousas mobles:

- a) só será válida se se realiza en escritura pública.
- b) só será válida se se realiza por escrito, pero a aceptación da doazón deberá constar en escritura pública.
- c) só será válida se a doazón e a aceptación se efectúan na mesma escritura pública.
- d) poderá facerse verbalmente ou por escrito.

100. O comodato caracterízase, nos artigos 1741 e seguintes do Código Civil, por ser un contrato temporal, e ademais por:

- a) ser concertado unilateralmente e de balde con permiso para o seu uso.
- b) ser concertado unilateralmente, perfeccionarse coa entrega do ben e con permiso para o uso.
- c) ser concertado bilateralmente, perfeccionarse coa entrega do ben, de balde e sen permiso para o uso.
- d) ser concertado unilateralmente, perfeccionarse coa entrega do ben, ser outorgado de balde e sen permiso para o uso.

101. A eficacia dos contratos queda supeditada á súa constancia en documento público de acordo co artigo 1280 do Código Civil, entre outros, nos seguintes casos:

- a) na cesión de accións ou dereitos dun acto consignado en escritura pública.
- b) nos contratos en que as prestacións dun ou ambos contratantes exceda de 2.500 pesetas.
- c) nos arrendamentos de bens inmobles por 5 ou máis anos sempre que deban prexudicar un terceiro.
- d) nos actos e contratos que teñan por obxecto a creación, transmisión, modificación e extinción dos dereitos reais sobre bens mobles.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

102. De conformidade cos artigos 1 e 2 da Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais de contratación, estamos ante un contrato de adhesión :

- a) cando as condicións xerais da contratación son cláusulas predispostas para a súa incorporación ao contrato imposta por unha das partes, sen posibilidade de negociación ningunha.
- b) cando as condicións xerais da contratación son cláusulas predispostas para a súa incorporación ao contrato imposta por unha das partes, con independencia de que unha ou varias cláusulas se negociasen individualmente.
- c) cando se celebre entre unha persoa física non profesional (predispoñente) e unha persoa física ou xurídica (adherente).
- d) cando se celebre entre unha persoa xurídica non profesional (predispoñente) e unha persoa física ou xurídica non profesional (adherente).

103. O artigo 26 do Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, establece que os dereitos de explotación dunha obra durarán toda a vida do autor e:

- a) oitenta anos despois da súa morte.
- b) setenta anos despois da súa morte.
- c) sesenta anos despois da súa morte.
- d) setenta e cinco anos despois da súa morte.

104. Ao abeiro dos artigos 23 e 24 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, da sociedade da información, nos contratos celebrados por correo electrónico enténdese que o contrato se perfecciona:

- a) no mes seguinte a aquel en que o aceptante recibe a oferta, de non rexeitala expresamente.
- b) dende o momento en que o aceptante emite a aceptación da oferta realizada polo oferente.
- c) dende que o oferente coñece a aceptación ou, remitida polo aceptante, non pode ignorala sen faltar á boa fe.
- d) non se pode perfeccionar por correo electrónico.

105. ¿Cales son prácticas comerciais permitidas, ao non estaren nos supostos do artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia?:

- a) a subordinación da celebración de contratos á aceptación de prestacións suplementarias que, pola súa natureza e conforme os usos do comercio, non garden relación co obxecto de tales contratos.
- b) a repartición das fontes de aprovisionamento.
- c) aqueles acordos, decisións ou recomendacións e prácticas que contribúan a mellorar a produción ou a comercialización e distribución de bens e servizos ou a promover o progreso técnico ou económico que non impoñan ás empresas interesadas restricións que non sexan indispensables para a consecución dos obxectivos.
- d) a limitación ou control da produción, a distribución, o desenvolvemento técnico ou os investimentos.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

106. Segundo o artigo 39 da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, a falta de uso dunha marca rexistrada:

- a) pode ser sancionada coa caducidade desta.
- b) carece de consideración por parte da lei de marcas.
- c) non incide na posición xurídica do titular da marca.
- d) non será renovada.

107. O Parlamento de Galicia elaborará e aprobará anualmente un orzamento xeral no que se incluírán, como unidades orgánicas separadas:

- a) o orzamento da propia institución parlamentaria e o do Consello de Contas.
- b) o orzamento da propia institución parlamentaria e o do Valedor do Pobo.
- c) o orzamento da propia institución parlamentaria, o do Valedor do Pobo e o do Consello de Contas.
- d) o orzamento da propia institución parlamentaria, o do Valedor do Pobo, o do Consello de Contas e o do Consello Consultivo de Galicia.

108. Ao abeiro do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia, ¿que órgano administrativo deberá aprobar o anteproxecto do orzamento da Cámara que logo se elevará ao Goberno autonómico para integralo no proxecto da lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia?

- a) a Presidencia do Parlamento.
- b) a Mesa do Parlamento.
- c) a Xunta de Portavoces.
- d) a Oficialía Maior.

109. De conformidade co artigo 15 do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia, as fases do gasto que lle competen á Mesa do Parlamento son:

- a) autorización, disposición, recoñecemento ou liquidación de obrigas e ordenación do pagamento.
- b) autorización e disposición de gasto sempre.
- c) autorización e disposición, se non as delegou na Presidencia.
- d) disposición e recoñecemento do gasto sempre, agás delegación.

110. A execución de gasto na contratación administrativa dun servizo licitado publicamente, de conformidade coa normativa orzamentaria de aplicación, ten as seguintes fases:

- a) autorízase o gasto coa aprobación do expediente e dos pregos, dispónse o gasto por importe certo coa adxudicación e ordénase o pagamento contra a expedición das facturas conformadas.
- b) autorízase e dispónse o gasto coa aprobación do expediente e dos pregos, e ordénase o pagamento contra a expedición das facturas conformadas.
- c) autorízase o gasto coa aprobación do expediente e dos pregos, dispónse o gasto por importe certo coa adxudicación, recoñécese a obriga unha vez executado o servizo e ordénase o pagamento contra a expedición das facturas conformadas.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

d) autorízase o gasto, dispónse e recoñécese a obriga e, unha vez executado o servizo, é expedida a factura.

111. O artigo 27 do Regulamento do Parlamento determina que as contías das subvencións aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia son fixadas:

- a) pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.
- b) pola Mesa da Cámara.
- c) polo Pleno.
- d) pola Comisión do Regulamento.

112. Os deputados da Cámara galega teñen os seguintes dereitos, ao abeiro dos artigos 11 e 12 do Regulamento do Parlamento de Galicia:

- a) soamente a unha asignación económica variable en atención ás asistencias aos plenos.
- b) soamente a unha asignación económica fixa para todos os deputados, calquera que sexa o seu réxime.
- c) non teñen dereitos económicos de ningún tipo.
- d) ao aboamento das cotizacións á Seguridade Social e ás mutualidades ás que pertencen, cando deixen de prestar o servizo que motivaba a súa filiación por mor da súa dedicación parlamentaria.

113. De conformidade coa normativa reguladora en materia de persoal das administracións públicas ¿como se devindican os trienios dun funcionario que promociona do grupo B ao grupo A?:

- a) cobrará todos os trienios como grupo A.
- b) cobrará o seguinte trienio como grupo B cando o complete e o novo que comece xa sendo integramente como grupo A como tal.
- c) os anteriores trienios como os tivese consolidados e os seguintes que se lle recoñezan xa sendo grupo A, dende o mes seguinte ao seu cumprimento.
- d) os anteriores trienios como os tivese consolidados e os seguintes que se lle recoñezan como grupo A dende o propio mes do seu cumprimento, no que se fará un rateo.

114. O Consello de Política Fiscal e Financeira:

- a) creouse vía lei orgánica de financiamento das Comunidades Autónomas en 1980, e actualmente está composto polo titular do Ministerio de Facenda e o titular da Consellería de Facenda de cada Comunidade Autónoma.
- b) ten atribuída a súa Secretaría Xeral á Secretaría Xeral do Ministerio de Administracións Públicas, ao abeiro do Real decreto 1113/2018.
- c) dispón dun regulamento de réxime interior aprobado por maioría simple dos seus membros.
- d) coordina a actuación da actividade financeira das Comunidades Autónomas coa da Facenda estatal e local.

115. De conformidade co Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia, cando ao iniciarse un exercicio económico non entrase en vigor o orzamento correspondente:

- a) prorrogárase o existente en idénticos termos.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

- b) prorrogarse ata o límite global dos créditos iniciais, sen poder facerse axustes.
- c) prorrogarse ata o límite global dos créditos iniciais, sen prexuízo unicamente de axustes xustificadas de urxencia.
- d) prorrogarse ata o límite global dos créditos iniciais, como máximo, sen prexuízo de practicar outros axustes e modificacións que procedan.

116. Ao abeiro do artigo 27 do Regulamento do Parlamento de Galicia, os grupos parlamentarios teñen a obriga de:

- a) comunicar á Mesa a relación de todo o persoal contratado no grupo.
- b) levar unha contabilidade específica das subvencións que lles outorga o Parlamento e poñela á disposición da Mesa sempre que esta o pida.
- c) publicar na web do grupo parlamentario o balance e a conta de resultados.
- d) remitir a contabilidade do grupo ao Consello de Contas contra finais de xuño da anualidade seguinte a cada exercicio.

117. Segundo a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, NON é causa de resolución dos convenios:

- a) o transcurso do prazo de vixencia sen terse acordado a prórroga.
- b) o acordo da maioría dos asinantes.
- c) o acordo unánime de todos os asinantes.
- d) o incumprimento das obrigas e compromisos por parte dalgún dos asinantes.

118. As Normas reguladoras da política de seguridade da información do Parlamento de Galicia establecen os seguintes niveis de privacidade da documentación:

- a) pública, restrinxida e confidencial.
- b) pública, privada, interna e confidencial.
- c) pública, interna, restrinxida e confidencial.
- d) pública, interna e confidencial.

119. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, se o órgano de contratación decidiu proceder á división en lotes do obxecto do contrato e, ademais, permitir que poida adxudicarse máis dun lote ao mesmo licitador, ¿cal dos seguintes requisitos, entre outros, debe cumprirse para que aquel poida adxudicar a unha oferta integradora?:

- a) que algún dos lotes non reciba ningunha outra oferta.
- b) que esta posibilidade se establecese no prego que rexa o contrato e se recolla no anuncio de licitación.
- c) que se trate de supostos en que exista un só criterio de adxudicación.
- d) que os empresarios acrediten a solvencia económica, financeira e técnica correspondente, ou de ser o caso a clasificación, a algún dos lotes polos que licite.

120. De acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cada Administración deberá contar cun arquivo electrónico único:

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

- a) a partir do 1 de xaneiro de 2020.
- b) a partir do 2 de outubro de 2021.
- c) a partir do 1 de xaneiro de 2021.
- d) a partir do 2 de outubro de 2020.

PREGUNTAS DE RESERVA

R1. De acordo co artigo 159.1 da Constitución da española de 1978:

- a) o Tribunal Constitucional componse dun total de doce membros nomeados polo Rei; deles, catro por proposta do Congreso, por maioría de dous terzos dos seus membros; catro por proposta do Senado, con idéntica maioría; dous por proposta do Goberno e dous, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- b) o Tribunal Constitucional componse dun total de catorce membros nomeados polo Rei; deles, cinco por proposta do Congreso, por maioría de dous terzos dos seus membros; cinco por proposta do Senado, con idéntica maioría; dous por proposta do Goberno e dous por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- c) o Tribunal Constitucional componse dun total de doce membros nomeados polo Rei; deles, catro por proposta do Congreso, por maioría de tres quintos dos seus membros; catro por proposta do Senado, con idéntica maioría; dous por proposta do Goberno e dous por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial
- d) o Tribunal Constitucional componse dun total de dez membros nomeados polo Rei; deles, tres por proposta do Congreso, por maioría de tres quintos dos seus membros; tres por proposta do Senado, con idéntica maioría; dous por proposta do Goberno e dous por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.

R2. No ámbito da Unión Europea os parlamentos autonómicos participan no control de subsidiariedade dos proxectos de normativa:

- a) en todas as iniciativas lexislativas.
- b) só nas iniciativas lexislativas que lles son remitidas.
- c) só nas iniciativas lexislativas que teñen que ver coas súas competencias.
- d) en ningún caso.

R3. Segundo o artigo 17.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno:

- a) o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información.
- b) o solicitante está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información. No entanto, a ausencia de motivación non será por si soa causa de rexeitamento da solicitude.
- c) o solicitante está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información. No entanto, a ausencia de motivación será por si soa causa de rexeitamento da solicitude.
- d) o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información. No entanto, a ausencia de motivación será por si soa causa de rexeitamento da solicitude.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
PRIMEIRO EXERCIZO (16-12-2019).
PREGUNTAS**

R4. Segundo a Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, a indicación dunha etiqueta específica nas prescricións técnicas ¿cando exime o órgano de contratación da súa obriga de detallar con claridade nos pregos as características e requisitos que desexa impor e cuxo cumprimento a etiqueta específica esixida pretende probar?

- a) sempre.
- b) no caso de que se trate de etiquetas de tipo social ou medioambiental.
- c) cando a etiqueta garanta o cumprimento das convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo.
- d) en ningún caso.

R5. De conformidade co artigo 30 do Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, as subvencións do Parlamento de Galicia poden concederse por un importe que non será superior á seguinte porcentaxe dos gastos realizados:

- a) 50%.
- b) 60%.
- c) 70%.
- d) 80%.

R6. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, ¿cal das seguintes materias queda excluída da Mesa de negociación?

- a) a regulación e a determinación completa, en cada caso, dos sistemas, criterios, órganos e procedementos de acceso ao emprego público e á promoción profesional.
- b) os sistemas de ingreso, provisión e promoción profesional do persoal.
- c) a determinación dos programas e medidas para a acción de promoción interna, formación e perfeccionamento do persoal.
- d) a determinación das prestacións e pensións.